



O BISPO AUXILIAR
DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2022

Á atención dos membros dos grupos sinodais diocesanos:

En outubro de 2021 comezabamos, acollendo a invitación do Papa Francisco, un camiño de discernimento, en comunión coa Igrexa universal, sobre as implicacións dunha sinodalidade non só pensada, senón, sobre todo, vivida. Era **a fase diocesana** da que xurdiu unha rica, variada e fonda reflexión dos grupos sinodais, que tivo o seu reflexo na síntese que se presentou na Asemblea Final Sinodal (Madrid, 11 de xuño de 2022). Constatamos que a sinodalidade é o modo de obrar e vivir da Igrexa, fogar e escola de comunión.

Seguimos en Sínodo, e así será ata 2024. Agora damos un paso máis neste camiño sinodal: **a fase continental.** Desde a Secretaría Xeral do Sínodo convócanos de novo a escoitarnos e escoitar ao Espírito e facer un discernimento comunitario nun clima orante, tomando como base o Documento de traballo para a Etapa Continental, *“Alarga o espazo da túa tenda” (Is 54, 2)*. Será a oportunidade de escoitar a voz doutras Igrexas diocesanas, dialogar con elas e coa Igrexa universal.

Esta etapa continental será máis breve (entre novembro e xaneiro). Desde o Equipo diocesano sinodal somos conscientes das limitacións dos tempos e das moitas tarefas pastorais que nos ocupan. Por iso, queremos convidarvos a retomar o camiño xa iniciado con ilusión, sabendo que *estamos a aprender a camiñar xuntos e a sentarnos xuntos para partir o único pan, para que cada un e cada unha atopen o seu lugar e poder anunciar de modo crible o Evanxeo de Jesús.*

O sinxelo material elaborado polo Equipo diocesano sinodal pretende ser **unha guía de traballo** que axude a orar, reflexionar e responder xuntos aos interrogantes expostos no Documento.

Alentados polo Espírito para seguir camiñando xuntos, mándovos un cordial saúdo, ao amparo da Virxe María e do Apóstolo Santiago neste ano Santo.

+ Francisco J. Prieto Fernández
Bispo Auxiliar de Santiago de Compostela